



Certame 1989-1990

BELEN ELECTRONICO

Acta do Xurado calificador dos traballos presentados ó XIV CERTAME XORNALÍSTICO SOBRE O NADAL.

Na cidade de Lugo, ás 12 horas do día 16 de xaneiro de 1989, reúnese o Xurado calificador dos traballos presentados ó XIV CERTAME DE XORNALISMO SOBRE O NADAL, convocado polo Centro cultural "XOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN", de Begonte, co patrocinio da Consellería de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia, formado por:

PRESIDENTE.-Ilmo.Sr.D.Xosé Clemente López Orozco, Delegado Provincial de Cultura e Deportes.

Vocais.- D.DARÍO XOMÁN CABANA YÁÑEZ, escritor.
D.ERNESTO SÁNCHEZ POMBO, xornalista.

Secretario.-D.XOSÉ RODRÍGUEZ VARELA, representante do Centro cultural convocante.

Examinados os traballos presentados, acordan por unanimidade:

- Acumular o importe do terceiro premio ós dous primeiros instituídos, quedando a dotación destes e a adxudicación como sigue:

PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO, dotado con 40.000 pts. e diploma, a ""COMA UN CONTO DE NADAL"", publicado por D.Fiz Vergara Vilariño, no xornal El Progreso, de Lugo, o 27 de decembro pasado.

SEGUNDO PREMIO, dotado con 25.000 pts. e diploma para o traballo "BEGONTE DO BELEN", publicado polo Colectivo Amencer no xornal El Progreso, o 29 de decembro pasado, e na publicación "AMENCER" do Seminario de Santa Catalina, de Mondoñedo, no número corresponde a decembro de 1989.

E para que conste, esténdese a presente acta que asinan todos de conformidade.